

RESOLUCIÓN DO 5 DE OUTUBRO DO 2021, DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DESIGNADA PARA O PROCESO SELECTIVO REF.PER.-2021/12, POLA QUE SE FAI PÚBLICA A DATA, A HORA E O LUGAR DE REALIZACIÓN DA PRIMEIRA FASE DO PROCESO SELECTIVO.

En sesión que tivo lugar o 5 de outubro do 2021, a Comisión de Selección designada ao efecto para cualificar o proceso selectivo REF.PER.-2021/12, para a selección e posterior contratación dun/ha Mestre/a Carniceiro/a mediante contrato laboral temporal por interinidade, polo procedemento de concurso-oposición, para cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección para a súa cobertura definitiva, para a Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, e de conformidade co punto 7.1. das bases da convocatoria que rexen o proceso, **ACORDOU:**

Único.- Que a primeira fase do proceso selectivo terá lugar o día 19 de outubro do 2021, en chamamento único que se iniciará ás 11:00 horas, nas instalacións da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, na Avda. de Galicia, nº 4, Parque Tecnolóxico de Galicia, 32900, San Cibrao das Viñas (Ourense).

Consistirá na superación dunha proba escrita de coñecementos sobre as materias relacionadas coa especialidade do posto ao que se opta, e que se indican no Anexo III das bases da convocatoria. Será de carácter eliminatorio e obrigatorio, consistindo en contestar por escrito a un cuestionario de sesenta (60) preguntas tipo test, máis tres (3) preguntas de reserva, con catro (4) respostas alternativas propostas pola Comisión de Selección, das que só unha delas será a correcta. A Comisión de Selección elaborará un único exercicio que terá unha duración máxima de dúas (2) horas.

As persoas aspirantes serán convocadas en único chamamento, sendo excluído do proceso selectivo quen non compareza, e deberán presentarse para a realización do exercicio provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade. Así mesmo, deberán presentarse provistos do correspondente lapis do nº 2 e goma de borrar para sinalar as respostas do test.

Non se permitirá o acceso ás aulas en que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer o/a aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.

Se durante a celebración do exercicio se constata que algunha persoa aspirante fai uso do material descrito, fala con outro opositor ou copia, o tribunal procederá á súa inmediata expulsión do exame.

As persoas aspirantes deberán cumprir en todo momento as normas COVID para procesos selectivos, publicados na páxina web da Dirección Xeral da Función Pública.

San Cibrao das Viñas, 5 de outubro do 2021.

A presidenta da Comisión de Selección



María Belén González González